

PROGRAMACIÓN 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO ACADÉMICO 2018/2019

CPI TINO GRANDÍO - GUNTÍN

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Situación: Concello de Guntín.

Centros adscritos: CEIP de Lousada.

Ensinanzas que oferta o centro: Infantil, Primaria e Secundaria.

Características singulares: Centro de zona rural do interior da provincia de Lugo con núcleos pouco poblados.

Lingua materna dominante: Galego

2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

- f)** Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g)** Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h)** Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i)** Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j)** Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k)** Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l)** Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m)** Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n)** Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

4. ENSINANZAS TRANSVERSAIS.

A través dos estándares do conxunto das áreas traballaranse os elementos transversais establecidos no currículo, no artigo 11 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, que establece que: “Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e da Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse en tódalas materias.

Fomentarase a calidade, a equidade e a inclusión educativa das persoas buscando a igualdade de oportunidades. Buscarase o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación. Promoverase a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, o pluralismo, a paz, a democracia e o respecto.

5. AVALIACIÓN INICIAL.

En canto a avaliación inicial destacar que se levará a cabo na primeira quincena do curso. Realizaranse probas individuais de Matemáticas, Linguas e Ciencias para saber o grao de coñecementos do alumnado. Tamén a observación directa e os intercambios orais. Dos resultados das avaliacións iniciais e trala reunión que se establecerá para tal fin, determinarase a organización dos apoios necesarios, sen prexuízo dos xa establecidos o curso anterior. De todo iso, os/as titores/as informarán a cada familia nas sesións de tutoría.

6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

Nas distintas materias, en función dos estándares que se están a traballar, empregaranse uns procedementos e uns instrumentos de cualificación que nos permitan valorar o traballo do alumnado en cada trimestre. Fundamentalmente utilizaranse 3 procedementos de avaliación nos cales se empregarán uns instrumentos determinados:

- Observación sistemática: a través de escalas de observación que se ponderará cun 20% da nota trimestral do alumno/a.
- Análise das producións dos alumnos/as: a través das producións orais e escritas que realicen os nenos e nenas que equivale a un 20% da nota trimestral do alumno.
- Probas específicas a través de diferentes probas obxectivas que se realizarán ao longo do curso que terá un peso dun 60% da nota final trimestral.

A avaliación será continua e global e daráselle gran importancia ao traballo diario do alumnado empregando a observación sistemática, o análise das producións orais e escritas dos nenos e nenas (traballos, cadernos, exposicións...), e empregaranse escalas de observación para rexistrar as súas actitudes. Rexistraranse os resultados obtidos e con estes farase un informe individualizado e trimestral, co que se informará ás familias do proceso de ensinanza dos seu fillos/as.

A avaliación en Educación Primaria é continua e formativa. A superación dun trimestre suspenso obtense co aprobado da seguinte e a dun curso, co aprobado do curso seguinte. A cualificación de cada avaliación ten en conta o peso de cada procedemento e instrumento de avaliación.

A nota media, tal como recolle a lexislación, será a media aritmética das distintas notas a ter en conta. No caso de Educación Artística, a media elaborase coas dúas materias (Educación Plástica e Música) aprobadas.

A avaliación ordinaria defínese tendo en conta as avaliacións anteriores.

En canto aos criterios de promoción, destacar que tal e como establece a Orde do 9 de xuño de 2016, a promoción do alumnado decidírase nas Xuntas de Avaliación e tendo en conta que en Primaria, a promoción decídese tamén valorando a adaptación ao novo grupo ou o beneficio de permanecer no mesmo. Será o profesorado integrante da Xunta o que decida cada caso particular tendo especialmente en conta o criterio do titor/a.

7. METODOLOXÍA

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que propoñen:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os contidos novos.
- Progresiva e coidadosa incorporación de coñecementos novos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de Terceiro curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificados que teñen en conta competencias e intelixencias múltiples:

traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en Proxectos e en tarefas **integradas**, uso das TIC e actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro del alumno
- Libros de lectura
- Recursos educativos (Internet).
- Ordenador.
- Canon y proyector
- Xogos.
- Materiais funxibles (cartolinas, pegamento, folios, tesoiras, lapices de cores, lapis e gomas...).

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dado que hai diferenzas no ritmo de aprendizaxe dos alumnos e alumnas,

propoñeranse actividades que atendan a esta diversidade.

A programación terá en conta que non tódolos nenos e nenas adquiren o mesmo, ao mesmo tempo e da mesma maneira e polo tanto tentarase detectar cales son os coñecementos previos dos alumnos e alumnas ao inicio de cada unidade e intentarase que a comprensión do alumnado en cada contido sexa suficiente para unha mínima aplicación. Utilizaranse tamén recursos didácticos que faciliten a atención personalizada a cada neno e nena, principalmente divididos en dúas modalidades: de reforzo e de ampliación.

En canto as medidas de atención a diversidade reflectidas do Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza diferéncianse en medidas ordinarias e extraordinarias:

MEDIDAS ORDINARIAS	
Organizativas	Curriculares
-Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou aula. -Tempo diferenciados, horarios específicos, etc. -Espazos diferenciados. -Materiais e recursos didácticos diferenciados. -Desdoblamento de grupos. -Reforzo educativo e/ou apoio do profesorado na aula.	-Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/a grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. -Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. -Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. -Programa específico para alumnado repetidor da materia. -Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>-Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT/AL.</p> <p>-De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado extranxeiro).</p> <p>-De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado extranxeiro).</p> <p>-Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.</p>	<p>-Adaptacións curriculares na materia.</p> <p>-De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.</p> <p>-Alumnado con flexibilización na escolarización.</p> <p>-Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptacións, etc. (coordinación cos PT/ AL/ outro profesorado de apoio/ profesorado do agrupamento/ etc.</p>

10. CONTRIBUCIÓN AOS PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

- **Contribución ao Plan TIC:**

Contribuirase ao Plan TIC a través da utilización de diferentes enlaces á Rede e co aproveitamento de recursos educativos en Internet: busca de imaxes, información, curiosidades e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento. Ademais faremos uso da aula de informática para iniciar ao alumnado na utilización de procesadores de texto.

- **Contribución ao Proxecto Lector:**

-Recomendación de lecturas: Propoñerase a lectura de diferentes documentos (libros, revistas, contos, receitas...).

-Hora de Ler: Despois do recreo o alumnado adicará 20 minutos á lectura dun texto escollido por el mesmo ou a textos recomendados e traballados en grupo.

-Maleta viaxeira: a maleta viaxa polas aulas cargada de libros relacionados con algunha temática escollida desde a biblioteca en relación con algún coñecemento actual ou relacionado co PLAMBE.

-Mochila viaxeira: é unha maneira de compartir libros, música, películas e incluso

xogos interactivos.

-Exposicións de libros: os libros saen da biblioteca para ocupar corredores e acercar o seu contido ao alumnado.

-Busca de información: aprender a buscar información sobre un tema, en diferentes sorportes, sabendo diferenzar entre a boa e a mala información, sabendo elaborar o seu propio texto a través da busca, comprendendo o feito e interiorizando novos coñecementos.

-Escribir: o alumnado realizará os seus propios relatos e as ilustracións, completarán finais e ilustrarán poemas ou fragmentos literarios. Tamén poderán realizar dramatizacións de diferentes composicións.

-Presencia de escritores e ilustradores no centro.

- **Contribución ao proxecto lingüístico:**

As materias impartiranse de maneira equilibrada entre as dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma, tal e como se recolle do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo na Comunidade Autónoma de Galiza.

Pretenderase que o alumnado adquira unha maior riqueza léxica que lle sirvan para desenvolver destrezas no campo da comunicación e expresión lingüística.

Fomentarase o interese pola nosa literatura, acercándoos a ela a través de contos, lendas, poemas ou fábulas que sexan fonte de inspiración para as súas propias creacións.

Potenciarase o respecto e o amor polas dúas linguas da súa Comunidades, animándoos ao uso dunha e outra indistintamente en cada caso.

- **Contribución ao Plan de Convivencia:**

Preténdese ter no centro un clima de harmonía e concordia entre o noso alumnado e o profesorado, onde os conflitos que poidan xurdir teñan unha resolución pacífica que permitan unhas relacións saudables. Para eles deberemos ter presente:

-O coidado da persoa: o benestar emocional, a educación en valores, as habilidades sociais (con lecturas que animen o debate), a atención á diversidade (entendendo a diferenza como un valor), respectos ás normas de convivencia (normas de aula e de centro).

-O coidado do entorno: cumprimento das normas, orde e limpeza na realización das tarefas, orde e colocación do seu material e das mesas, coidado e limpeza dos espazos do centro (biblioteca, patio, aula de informática, comedor...).

-O coidado das relacións: tanto coas familias coas que se manterán as reunións xerais e individuais que se consideren necesarias como co profesorado que imparte docencia ao grupo co cal se establecerán as reunións que se consideren para estar sempre informado da marcha do alumnado.

Considérase fundamental a coordinación entre todo o profesorado e tamén a coordinación e a colaboración coas familias.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Participaremos do traballo conxunto do colexio en calquera das actividades que se realicen nos días de obrigada conmemoración, así como nos festivais que se poidan desenvolver ao longo do curso.

Ademáis contaremos coa visita dalgún ou algunha autor/a, asistiremos a obras de teatro como por exemplo “*El mágico planeta de los instrumentos insólitos*”, realizaremos algunha visita cultural e por suposto aproveitaremos os recursos do entorno.

12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación das clases e dos materiais didácticos.	Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase adecúase ás		

	características do grupo.		
Utilización dunha metodoloxía axeitada	Tivéronse en conta aprendizaxes significativos. Considérase a interdisciplinariade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumnado.		
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento do alumnado.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están consensuados entre los mestres/as.		
Avaliación das aprendizaxes e información que de elas se da ao alumnado e ás familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculado aos obxectivos e aos contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.		
	Os criterios de calificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de calificación déronse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> • Ao alumnado. • Ás familias. 		
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofrécese resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.		

13. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR				
a c e	2 B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC
e	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Recoñece a información verbal e non verbal dos discursos orais e intégrala nas producións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.2.1. Integra recursos verbais e non verbais para comunicarse nas interaccións orais, dándolle valor complementario a estes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> a b e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Participación en situación de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación: <ul style="list-style-type: none"> - diálogos -exposicións orais segundo modelo e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSC CSIEE

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> LCB1.3.2. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Dedución das palabras polo contexto. Interese pola ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras sinxelas a partir do seu contexto de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LCB1.4.2. Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas en textos significativos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectiva. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Reproducir textos axeitados á súa idade, os seus gustos e intereses, utilizando con creatividade as distintas estratexias de comunicación oral. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.6.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos e adecuados ao seu nivel 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.7.1. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> LCB1.7.2. Organiza o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir e dialogar) 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a b e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Estratexias para utilizar 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Valorar os medios de 	<ul style="list-style-type: none"> LCB1.9.1. Utiliza de xeito guiado os 	<ul style="list-style-type: none"> CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e 	a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos e preguntar.	comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas.	medios audiovisuais e dixitais para recoller información.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.9.2. Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.9.3. Resume de forma global entrevistas, noticias e debates infantís procedentes dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Lectura, en silencio e en voz alta de distintos tipos de texto adecuados ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescriptivos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2. 1. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos de diversa tipoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB2.3.1. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Relectura. Anticipación de hipóteses de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. Uso do dicionario.		<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.2. Identifica as palabras clave dun texto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCA
			<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.4. Relaciona de xeito global, a información contida nos gráficos e ilustracións coa información que aparece no texto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCT CCA
			<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.5. Interpreta mapas conceptuais sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCA
			<ul style="list-style-type: none"> LCB2.3.6. Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Gusto pola lectura. B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal. B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.4.1. Dedicar un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> b e i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector. B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Utilizar fontes e soportes existentes na biblioteca para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicarlos en traballos persoais. 	<p>p) LCB2.5.1. Consulta biblioteca, de xeito guiado, de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	de aprendizaxe e de lecer.		<ul style="list-style-type: none"> LCB2.5.2. Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas de funcionamento da mesma. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LCB2.5.3. Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora e xénero. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> a b e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Mostra interese por manter unha biblioteca propia. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
<ul style="list-style-type: none"> a e 	<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Identifica a estrutura organizativa de diferentes textos lidos, centrándose na interpretación do seu significado. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.7.1. Diferenza entre información e publicidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LCB2.7.2. Formula hipótese sobre a finalidade de textos de tipoloxía evidente a partir da súa estrutura e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> e i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.10. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB2.10.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR				
<ul style="list-style-type: none"> • b • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades. • B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación. • B3.3. Aplicación das normas ortográficas. Acentuación. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> • LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas.... 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> • LCB3.1.3. Elabora e presenta, de forma guiada, un informe sinxelo, utilizando soporte papel e informático sobre tarefas ou proxectos realizados. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> • LCB3.1.4. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<ul style="list-style-type: none"> • b • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.4. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> • LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros. B3.6. Realización de ditados. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3 Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.3.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LCB3.3.2. Reproduce textos ditados. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> b e 	<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...) B3.8. Textualización en frases con secuencia lineal. B3.9. Revisión e mellora do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.4.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> LCB3.4.2. Utiliza, para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e a secuencia coherente do escrito. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> b e i 	<ul style="list-style-type: none"> B3.10. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.5.1. Elabora gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómic, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a d 	<ul style="list-style-type: none"> B3.11. Uso da linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas 	<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun 	<ul style="list-style-type: none"> LCB3.6.1. Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe 	<ul style="list-style-type: none"> CL CSC

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• e	diferenzas.	pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	non sexista e respectuosa coas diferenzas.	
• e • i	• B3.12. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	• B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	• LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear táboas e gráficas etc.	• CCL • CD • CAA • CSIEE
• e	• B3.13. Produción de textos segundo Plan de escritura do centro	• B3.8. Escribir os textos establecidos no Plan de escritura.	• LCB3.8.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.	• CCL • CAA • CSIEE
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA				
• b • e	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. A palabra. A sílaba. Diptongos e hiatos. • B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos). Características e uso de cada clase de palabra. • B4.3 Conxugación dos verbos regulares e irregulares máis frecuentes. 	<ul style="list-style-type: none"> • B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> • LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados. 	• CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo dos verbos ao producir textos orais e escritos. 	• CCL
			<ul style="list-style-type: none"> • LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras. 	• CCL
• b	• B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras e	• B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias	• LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou	• CCL

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> e 	<p>explicación reflexiva do seu uso en situacións concretas de comunicación (nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos). Características e uso de cada clase de palabra</p> <ul style="list-style-type: none"> B4.4. Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos na formación de nomes, adxectivos e verbos. B4.5. Recoñecemento e observación reflexiva dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado. B4.6. Recoñecemento e uso dalgúns conectores textuais básicos. 	<p>lingüísticas a través do uso da lingua.</p>	<p>frases feitas na expresión oral e escrita.</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> LCB4.2.2. Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións ao producir textos orais e escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
